

# INGLÉS (1º ESO)

Guía e Programa da materia.



**IES AaR**

**Profesor: José Carlos Lourés Carballal**

## CONTIDOS AVALIABLES

### GRAMMAR

- 1) Personal Subject Pronouns.
- 2) *be*: present Simple.
- 3) Subject pronouns and possessive adjectives.
- 4) Question words.
- 5) *have got*: present Simple.
- 6) **Present simple.**
- 7) *love, like, hate, (don't) like + -ing.*
- 8) Subject and object pronouns.
- 9) *there is / there are.*
- 10) Prepositions of place.
- 11) *a / an, some, any*
- 12) *can*
- 13) Adverbs of manner, frequency.
- 14) Frequency: questions.
- 15) **Present continuous.**
- 16) **Present simple and continuous.**
- 17) *be*: past simple.
- 18) *there was. / there were.*
- 19) **Past simple: affirmative regular verbs.**
- 20) **Past Simple: regular and irregular verbs.**
- 21) *be going to.*
- 22) *must / mustn't.*

## VOCABULARY

1. Greetings and introductions.
2. The alphabet
3. Times.
4. My school bag (classroom objects).
5. Classroom language.
6. Colours
7. Countries and nationalities.
8. Family.
9. Parts of the body.
10. Adjectives of physical description.
11. Food.
12. Free-time activities.
13. Places in town.
14. Landscape features.
15. Daily routines.
16. School subjects.
17. Sport.
18. Adjectives of opinion.
19. Rooms and furniture.
20. Household objects.
21. Transport.
22. Clothes.
23. Weather and seasons.
24. English speaking countries (The United Kingdom: Great Britain (England, Scotland and Wales) and Northern Ireland), Ireland, The USA, Canada, Australia and New Zealand).
25. English across the curriculum.

## READING

○ **Ler textos comprensivamente:** Ler textos breves (un foro na rede, un artigo nunha revista de difusión científica, un cartel sobre saúde, un artigo nun libro de non ficción, un artigo nun sitio web, un diario deportivo, un arquivo histórico, un ensaio histórico e unha guía) e responder cuestións sobre o seu contido.

## WRITING

○ **Escribir un texto breve. Redactar diferentes clases de textos** (unha ficha persoal, unha descripción dunha persoa, unha entrada nun blog, unha guía dunha cidade, un ensaio ou traballo escolar, un correo electrónico (email) a un amigo por correspondencia, unha descripción, unha narración ou historia, un correo electrónico (email), etc.).

○ **Reglas de ortografía** (uso das mayúsculas, dos apóstrofes, dos nexos ou conectores, dos signos de interrogación e exclamación, etc.)

## LISTENING

○ **Ser capaz de escoitar e interpretar información oral** de diferentes fragmentos que amosan situacións de comunicación verbal oral reais e contestar cuestións sobre os mesmos.

## SPEAKING

○ **Ser capaz de producir e intercambiar información oral** a través de diferentes fragmentos dialogados que amosen situacións de comunicación verbal oral reais e **intercambiar información** cos interlocutores **como instrumento de relación social e reafirmar o seu coñecemento e autoestima** no uso da lingua inglesa.

## READING AND LISTENING A BOOK

○ **Ler e escoitar un libro de lectura comprensivamente e completar un exame tipo test** acerca dos libros **elixidos** da lista de lecturas (un libro por avaliación).

## 1ª Avaliación

- DICKENS, Charles: *A Christmas Carol*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.
- ESCOTT, John: *Robin Hood*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *King Arthur*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.
- HART, Julie: *All About Britain*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.
- TRACY, Philipa: *All About Canada*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.
- WINSTON, Emily: *All About Australia*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.

## 2ª Avaliación

- DOYLE, Arthur Conan: *Sherlock Holmes: The Dying Detective*. Dominoes (Quick Starter), OXFORD.
- DOYLE, Arthur Conan: *Sherlock Holmes: The Reigate Puzzle*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- DOYLE, Arthur Conan: *Sherlock Holmes: The Speckled Band*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- ESCOTT, John: *The Big Story*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- ESCOTT, John: *William Tell and Other Stories*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *The Great Fire of London*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *Merlin*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HINES, Alan: *Changing Places*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- SHAKESPEARE, William: *The Tempest*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- THOMPSON, Lesley: *Zombie Attack!* (Quick Starter), OXFORD.
- VERNE, Jules: *Around the World in Eighty Days*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- WILDE, Oscar: *The Selfish Giant*. Dominoes (Quick Starter), OXFORD.

## DIGITAL COMPETENCE: ICT DEVELOPMENT

- **Desenrolo da competencia dixital** a traverso da realización de **tarefas voluntarias ou prescriptivas** nas que incorpore o uso da lingua estranxeira e aplique a maior variedade de técnicas de tratamento da información e da comunicación (uso de internet, aproveitamento

responsable das redes sociais, difusión de habilidades dixitais para a elaboración de materiais multimedia que poda utilizar na súa vida académica e persoal).

- Esas tarefas contemplaran, por exemplo, a elaboración de correos electrónicos, elaboración de presentacións dixitais, tratamento de contidos multimedia, aproveitamento das aulas dixitais, elaboración de blogs, realización de tarefas de *speaking* (conversa), etc. As tarefas serán entregadas nun dispositivo de memoria (*USB pendrive* ou *memory card*).
- Os blogs da materia de Lingua Estranxeira (Inglés) de 1º ESO e os recursos de internet e das redes sociais serán outros instrumentos máis de ensino, aprendizaxe e difusión das competencias lingüísticas amais das didácticas para o uso e aplicación do dominio lingüístico cara a súa aplicación na vida cotiá do alumnado.

## **AVALIACIÓN** (INSTRUMENTOS E CRITERIOS).

1º. Cada avaliación realizaranse alomenos **catro exames ou probas**:

- A primeira proba atenderá ós contidos de **vocabulario e gramática**.
- Unha segunda sobre as competencias (*skills*) de comprensión oral ou (*listening* **(audición)**) e *watching* **(visionado)** a traveso dun vídeo sobre un contexto real (un documental sobre a sociedade, cultura e lingua dos países anglosaxones) e sobre as competencias de comprensión lectora ou *reading* **(lectura)**.
- Unha terceira sobre as competencias de expresión escrita ou *writing* **(redacción e ortografía)**.
- E unha cuarta sobre a competencias de expresión oral ou *speaking* **(conversa)**.

2º. As probas abarcarán **dúas ou tres unidades** do libro de texto por exame. Circunstancia que será informada polo profesor da materia.

3º. Na 1ª avaliación realizaranse **probos de avaliación inicial**: atenderán ós contidos de **vocabulario e gramática** e ás competencias de *listening* **(audición)**, *reading* **(lectura)** e *writing* **(redacción e ortografía)**.

4º. Na 1ª e 2ª avaliación realizarase a **proba específica** sobre os contidos do **libro de lectura**. É unha tarefa obrigada, persoal e intransferible a realizar por todo o alumnado de 1º ESO. **Só** o alumnado ó que se lle asigne, polas súas **necesidades educativas especiais**, unha Adaptación Curricular Especifica en Inglés deberá ler un **libro de lectura específico, adaptado** a súas características de aprendizaxe.

A proba escrita do libro de lectura da **1ª avaliación** terá lugar o **20, 21 ou 22 de novembro de 2019**. A correspondente ao libro de lectura da **2ª avaliación** realizarase **despois das festas do Entroido (27 e 28 de febreiro de 2019)**.

5º. O **calendario** de probas de avaliación de 1º ESO na materia de **Inglés** para o **curso 2019-2020** queda preestablecido do xeito que se indica de seguido:

INGLÉS (1º ESO). Indicacións xerais para a superación da materia.

<b>Avaliación Inicial</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Escrita de Diagnóstico Inicial (Vocabulary &amp; Grammar - SKILLS: Listening &amp; Reading &amp; Writing): <b>17 ou 18 outubro 2019.</b></li> </ul>
<b>1ª Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Escrita (Vocabulary &amp; Grammar)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Reading &amp; Video &amp; Listening)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Writing)</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 25 de novembro e o 5 de decembro de 2019.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Oral (Speaking):</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 18 de novembro e o 5 de decembro de 2019.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reader Test: <b>20, 21 ou 22 novembro 2019</b></li> </ul>
<b>2ª Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Escrita (Vocabulary &amp; Grammar)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Reading &amp; Video &amp; Listening)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Writing)</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 4 e o 18 de marzo de 2020.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Oral (Speaking):</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 24 febreiro e o 18 de marzo de 2020.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reader Test: <b>27 e 28 de febreiro de 2020</b></li> </ul>
<b>3ª Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Escrita (Vocabulary &amp; Grammar)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Reading &amp; Video &amp; Listening)</li> <li>• Proba Escrita (SKILLS: Writing)</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 25 de maio e o 5 de xuño de 2020.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas Oraís (Speaking):</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 18 de maio e o 5 de xuño de 2020.</b></p>
<b>Avaliación Final Ordinaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tests Finais de repaso (Vocabulary &amp; Grammar):</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 8 e o 12 xuño 2020.</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pruebas Oraís (Speaking):</li> </ul> <p align="center"><b>Entre o 25 de maio e o 12 de xuño de 2020.</b></p>
<b>Avaliación Final Extraordinaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba Escrita (Vocabulary &amp; Grammar &amp; SKILLS: Reading &amp; Writing):</li> </ul> <p align="center"><b>1 ou 2 de setembro de 2020. (*)</b></p> <p align="center">(*) : Salvo cambio legislativo ou variación administrativa.</p>



O cumprimento satisfactorio da tarefa na aula e no fogar (**Classwork**) incluírase na avaliación da materia. Valorárase o seu progreso e a súa madurez, a capacidade de compromiso e superación e a participación nas sesións lectivas da materia. Terase moi en conta que o alumno traia o material da materia e os contidos e as tarefas realizadas; de non ser así, o alumno ou alumna será apercibido por escrito desta circunstancia e lle será comunicado que **tres faltas de material supoñen unha falta de conduta e terá repercusión negativa na avaliación das actividades do alumno/a (Classwork).**


### ASIGNACIÓN DE CUALIFICACIÓN POR DESTREZAS.

<b>Probas escritas</b>	Vocabulary (10%)	<b>75 %</b>
	Grammar (30%)	
	Listening & Watching (10%)	
	Reading (10%)	
	Writing (15%)	
<b>Probas orais</b>	Speaking	<b>15 %</b>
<b>Outras Actividades</b> (Realización de tarefas, presentación e entrega de traballos, participación nas clases, actitude e comportamento, etc.)	Classwork & Homework & Attitude & Behaviour	<b>10 %</b>

## MATERIAIS


### Libros de texto.

Os libros de texto para a materia de Lingua Estranxeira (Inglés) para o curso 2019-2020 son os que aparecen de seguido. Asemade, lémbrese que os libros de texto permiten o acceso ao material dixital complementario.



MAUHLIN, Fiona & MORRIS, Daniel: *All Clear. Student's Book 1.*

- **Tapa blanda**
- **Editor:** Macmillan ELT (2015)
- **Idioma:** Inglés
- **ISBN-10:** 0230485448
- **ISBN-13:** 978-0230485440



MAUHLIN, Fiona & SMITH, Catherine: *All Clear. Workbook 1 (Edición Castellana).*


- **Tapa blanda**
- **Editor:** Macmillan ELT (2015)
- **Idioma:** Inglés / Castellano.
- **ISBN-10:** 0230466915
- **ISBN-13:** 978-0230466913

A materia de Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) **non está adscrita durante este curso 2019-2020 ao programa E-DIXGAL** o que implica que **o material** escolar indicado na lista oficial de libros de texto do IES “Antón Alonso Ríos” é de uso obrigado na aula para a superación da materia.

Ao alumnado que presente necesidades educativas especiais nesta materia ao longo deste curso 2019-2020 e teña que recibir medidas de **Reforzo Educativo (RE)** ou de **Adaptación Curricular Individual (ACI)** se lle podería indicar que utilice algún tipo de material específico (cadernos) para atender e poder mellorar o seu rendemento e intentar acadar a mellor avaliación posible na materia.

## Materiais complementarios.

1º. **Recoméndase (de xeito voluntario)**, pola súa importancia para reforzar o estudo e o traballo do aspecto gramatical da materia, **a adquisición e o uso do libro de gramática** que pode axudarlle a superar as dificultades no estudo da gramática inglesa e que está axeitado ao seu nivel, idade e capacidade de aprendizaxe da lingua inglesa.



SEIDL, Jennifer: *Gramática Oxford. Para Estudiantes de Inglés. Primaria.*

- **Tapa blanda**
- **Editor:** Oxford University Press (2007)
- **Colección:** Gramática Oxford Primaria
- **Idioma:** Inglés
- **ISBN-10:** 0194444007
- **ISBN-13:** 978-0194444002

2º. Lémbrese que o alumnado pode e debe utilizar o **dicionario bilingüe** que mercou en Educación Primaria. Só deberá trae-lo cando llelo requira o profesorado.

3º. O resto do **material de traballo** que o alumnado precisa é o seguinte:

- **Axenda e horario.**
- **Pendrive USB** (dispositivo de memoria).
- **Bolígrafo azul ou negro** para **realizar tarefas e exames (\*)**
- **Bolígrafo vermello** para a **corrección de tarefas e exames (\*)**
- **Autorízase o uso de typex** (formato **bolígrafo corrector**).
- Recoméndase unha **Libreta ou caderno A4** e un **cartafol de fundas porta-documentos**.

(\*): Recoméndase que o alumnado teña sempre **dous** na súa cartucheira.

4º. Ao inicio do curso, ao alumnado de 1º ESO poderá descargar un **caderno de repaso xeral de vocabulario básico en inglés en pdf** da paxina web do instituto <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesantonalonsorios/>

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

O longo de curso, ben **na 2ª ou ben na 3ª Avaliación**, todo o alumnado de Inglés da ESO e de 1º Bacharelato realizará unha **saída didáctica ao teatro** para presenciar unha **obra de teatro en inglés**. Dita saída considérase unha actividade lectiva máis, polo que ten o carácter de **curricular e avaliable**.

Asemade, esta actividade inclúese tanto na programación xeral do Departamento de Lingua Inglesa e como na programación de Actividades Complementarias e Extraescolares, dependente da Vicedirección, do IES Antón Alonso Ríos para o presente curso 2019-2020.

Para a realización desta actividade o alumnado terá que **aportar o importe da entrada**, prezo aínda por convir coa empresa organizadora da actividade e que se ha procurar sexa **o máis reducido posible** para o alumnado e as súas familias.